CEP Plurilingüe Pedro Caselles Beltrán
Tfno: 886 110 738 Mosteiro, s/n 36740 - Tomiño
Fax: 886 110 739 Email: cep.pedro.caselles@edu.xunta.es
www.edu.xunta.es/centros/ceppedrocaselles

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2019/20 – TERCEIRO TRIMESTRE

ÁREA: LINGUA INGLESA
CURSO: SEXTO

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Identificar o sentido xeral en textos orais breves e sinxelos, con estruturas simples e léxico de uso moi frecuente, sobre temas relacionados coas propias experiencias, necesidades e intereses en contextos cotiáns predicibles.	Entende a información esencial en conversacións breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares, como p. ex. un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou lugar, etc.
Distinguir a función comunicativa principal do texto así como os patróns discursivos básicos	Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).
Coñecer e utilizar un repertorio básico e limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.	Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiáns ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión usando estruturas sinxelas.
	Desenvólvese en transaccións cotiás (p. ex. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).
Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, folletos turísticos, programas culturais, etc
Distinguir as funcións comunicativas principais do texto e un repertorio básico limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos.	Comprende correspondencia breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, p. ex. un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun lugar, etc.
Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do	Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas, coa condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas).

sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.	
Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.	-Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais.
Coñecer e utilizar un repertorio básico e limitado de léxico escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.	Escribe correspondencia persoal breve e simple na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo e da súa contorna inmediata (familia, amigos, afeccións, actividades cotiás, obxectos, lugares).

Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: Observación da traxectoria educativa do alumno/a neste curso escolar. Observación de traballos enviados. Nivel de perfección, limpeza e claridade dos traballos enviados. Participación nas actividades propostas.
	Instrumentos: Correos electrónicos. Outros medios de comunicación posibles con cada alumno/a.
Cualificación final	Procedemento: Será a nota da segunda avaliación, que pode ser incrementada **ate o máximo dun punto** da seguinte maneira: Fai a tarefa completa (incluíndo a ficha de autocorrección) sempre ou case sempre(máis dun 66% das veces) .....1 punto. Fai a tarefa completa (incluíndo a ficha de autocorrección) ás veces (entre un 33% e un 66%)…….....0,50 puntos. Non fai a tarefa case nunca (menos dun 33%)……..... 0 puntos.
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación: Serán os citados anteriormente.
	Procedemento: Será a nota da segunda avaliación, que pode ser incrementada **ate o máximo dun punto** da seguinte maneira: Fai a tarefa completa (incluíndo a ficha de autocorrección) sempre ou case sempre(máis dun 66% das veces) .....1 punto. Fai a tarefa completa (incluíndo a ficha de autocorrección) ás veces (entre un 33% e un 66%)…….....0,50 puntos. Non fai a tarefa case nunca (menos dun 33%)……..... 0 puntos.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Observación da traxectoria educativa do alumno/a neste curso escolar. Observación de traballos enviados. Nivel de perfección, limpeza e claridade dos traballos enviados. Participación nas actividades propostas incluíndo actividades de reforzo cando sexa necesario.

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Informarase desta adaptación da programación ao alumnado e ás familias a través da publicidade do documento na web do centro.
Publicidade	Publicación na web do centro.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Publicación de tarefas todas as semanas na plataforma de Edixgal.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	Alumnado con conectividade: As propostas poden velas en Edixgal e as tarefas remítenas a través do correo electrónico. Alumnado sen conectividade: Establecerase unha comunicación por teléfono e/ou mensaxeria Abalar.
Materiais e recursos	Ordenador. Distintos recursos on line. Teléfono. Correo electrónico. Abalar móbil. Fichas.